


Paloma García Méndez

ESPELOS DE AUGA



EDITORIAL CANELA
FILSO DA BOVIA

My sunday blues

É domingo.
Anoitece.
Regreso á cidade
como el can prás pedradas.
El bus enfila a avenida.
Os paseantes
circulan pola beira,
hoi sin présa.
Por centos de fachadas
deslucidas e cutres
asoman luces esmortecidas
ás ventás dos pisos
onde se estarabica a xente.
Hai ringleiras de farolas,
neois que muchican,
un largo rego ruidoso
vermello e reflectante
de coches
que se abren paso a abalois.
Sobre todo, escurece.
Al volver aquí
xébrome de min.

Suqueiro

Calcei
as katiuskas
que meu padre
usa na corte

e que
cada mañá
forra con palla
por mor del frío.

Pero eu
solo las puxen
pra ir coller limois
al fondo del suqueiro orballado.

Valado

Pulido pasadoiro
nel que se adivían
as lixeiras patas del corzo,
a raiada testa del parco-teixo,
as pezuñas del xabaryl.

Refuxio dos viermos carpinteiros
que punteaban con luces verdosas
a beira das noites escuras.

Morada de ferreiríos
que anían nas súas gretas
recubertas de mofo esponxoso.

Xardín de folgueiras reales
que se erguen brizas
al medrar os días.

Fondo nel que destacan solitarias,
xa avanzado el outono,
tres follías de arto vermellas, húmedas e brillantes.

Lenzo de pedras desiguales, ásperas, irregulares
que compoin con rústica harmonía,
atrapadas nel barro e nel tempo,
un mosaico de formas e cores
construido por aquela xente que tanto traballou
pra que eu agora me pasee acariñándolas cos ollos
einda que devezo por cofalas coas maos.

Costa Vicentina

Atravesamos un mar de plástico
antes de chegar al océano.
Ás beiras van quedando
grupos de xornaleiros asiáticos
que esperan ser transportados
aos sous albergues.
Vestidos de escuro,
mui abrigados, embozados algús,
non falan entre eles.
Consultan os móbiles
ou miran pra diante en silencio.

Al final del camín,
un peteiro de casas pequenas
al borde da imponente arribada.
Aló embaxo, el Atlántico furioso.
Un largo carreiro en espiral
conduce al mouro, profundo pedreiro
onde se varan as lanchas
subíndolas con un esforzo
sólo aliviado pola alegría
de saberse indultados por el mar
úa xornada máis.
Detrás queda el rústico espigón
construido por valientes maos artesanas,
que milagrosamente sigue dereto,
talvez por ter enternecido
al mismísimo Poseidón.

Os frutos das duras vidas
daquel mar e deste océano
ofréceselles aos turistas
na esplanada del bar.

Difícil pasar por alto
tanta coraxe e sudor
como costou traguelos á mesa.
Sin peixe, amorolos nin fotos,
volvo as costas á grandiosa paisaxe.
Levo nos ollos
úa luz salvaxemente azul,
e úa sombra nel corazón.

LIMIAR	9
PARTÍCULA PARTICULAR	13
Rescate.....	15
Epifanías.....	16
<i>My sunday blues</i>	18
Suqueiro	19
As Chúas	20
Partícula particular.....	21
Pisar cuito	22
Vidas.....	24
A TEIMOSÍA DAS FOLGUEIRAS	25
A teimosía das folgueiras.....	27
Valado.....	28
Espellos de auga	30
Lume.....	31
Reviven nas flores	32
Albencias.....	34
<i>Lucilia Sericata</i>	35
Camíos	36
Isla de Colás.....	37
Pasadoiro	38
Devagar	39

CASTEDA, SELVA	41
Casteda, selva	43
Sancristán.....	45
Por el sou ben.....	46
Xanta	47
Costa Vicentina.....	48
Souria	50
Oxfordshire.....	51
Ilha Terceira.....	52
Pica	54
NOTAS Á EDICIÓN	56